



PLAN DE FORMACIÓN DIRIXIDO A AXENTES E EMPREENDEDORES CULTURAIS

A CORUÑA, 2017



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



CORUÑA
➤ PRÓXIMA

MÁIS INFO: www.coruna.gal/cultura

A Concellaría de Cultura do Concello da Coruña abre no 2017 unha liña de traballo que pretende consolidar en anos sucesivos: un plan de formación dirixido a emprendedores e axentes culturais en activo. Unha serie de obradoiros presenciais para que profesionais adicados ás artes escénicas, musicais ou visuais refresquen e amplíen os seus coñecementos sobre materias fondamente importantes no desenvolvemento do seu traballo. As sesións terán un enfoque eminentemente práctico que lles permitirán aos participantes resolver a maior parte dos problemas a que se enfrontan na súa actividade habitual, adquirindo as destrezas básicas para crecer e gañar en seguridade e rigor.

Obradoiros presenciais que poden facerse de maneira independente ou conxunta.

Acceso gratuíto mediante inscrición previa.

Prazas limitadas.

Toda a formación terá lugar no Centro Ágora, Lugar da Gramela 17, 15010 A Coruña.

BLOQUE 1: PROGRAMAS EUROPEOS

Adopción de claves para participar en proxectos innovadores de cooperación transnacional (convocatorias período 2014-2020). Formación en programas da Unión Europea a través de ferramentas e recursos para acceder ao financiamento comunitario.

Días: 3, 4 e 11 de maio

Horarios: 3 de maio de 16:00 a 21:00 h, 4 e 11 de maio de 9:00 a 14:00 h

Docente: **José Quevedo Santacoloma**, subdirector do Grupo DEX (Desarrollo de Estrategias Exteriores), con sede en Gijón.

BLOQUE 2: PLANIFICACIÓN E DESEÑO DE PROXECTOS

Base conceptual e práctica a través dunha metodoloxía sólida e contrastada que permita afondar na ferramenta de traballo máis importante da xestión cultural: o deseño de proxectos.

Días: 22 e 23 de maio, 29 e 30 de maio

Horarios: 10:00 a 14:00 h (os catro días)

Docente: **David Roselló Cerezuela**, director de Nexe Cultural, prestixiosa consultora en xestión cultural con sede en Barcelona, autor do libro “Diseño y evaluación de proyectos culturales”, que se porá a disposición das persoas asistentes.

BLOQUE 3: FISCALIDADE E CONTRATACIÓN

Afondar en coñecementos clave en temas de fiscalidade e contratación para que os proxectos culturais cheguen a bo porto.

Días: 18 e 19 de outubro

Horarios: 10:00 a 13:00 e 15:00 a 18:00 h (os dous días)

Docente: **Eva Moraga Guerrero**, avogada e mediadora en Por&Para (Madrid), asesoría legal, profesional e de proxectos, formación integral, mediación e resolución de conflitos por e para a arte e a cultura.

BLOQUE 4: MODELOS DE NEGOCIO. PLAN DE EMPRESA

Panorámica das industrias culturais e creativas, deseño de modelos de negocio, plans estratéxicos e ferramentas de marketing para o emprendemento cultural.

Días: 25 e 26 de outubro e 9 de novembro

Horarios: 25 de outubro de 16:00 a 21:00 h, 26 de outubro de 9:00 a 14:00 h e 9 de novembro de 9:00 a 15:00 h

Docente: **José Luis López Lorente**, *Knowmad* valenciano, emprendedor, formador, consultor en industrias creativas e culturais.



PLAN DE FORMACIÓN DIRIXIDO A AXENTES E EMPREENDEDORES CULTURAIS

Inscripcións: Ata o 28 de abril para o primeiro dos obradoiros na web www.coruna.gal/cultura na ligazón “Plan de formación axentes e emprendedores culturais” (as sucesivas convocatorias dos obradoiros seguintes abriranse nas semanas previas ás formacións).



MÁIS INFORMACIÓN:
formacionemprendedores@coruna.gal